

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP MANUEL FRAGA IRIBARNE
CURSO: 1º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: EDUCACIÓN PLÁSTICA
DEPARTAMENTO:
DATA: MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. ÁREA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
	BLOQUE 1.- OBSERVACIÓN PLÁSTICA
Amosar respecto pola área e polos diferentes tipos de expresión plástica.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.
	Identifica, nomea e debuxa as formas básicas.
	Identifica os tamaños.
	Identifica e usa as cores aprendidas
	Recoñece e nomea as diferentes partes da figura humana.
Usar léxico sinxelo e adecuado para comentar as obras plásticas propias e alleas.	Describe o que sente ou pensa sobre as súas propias creacións plásticas e as dos compañeiros e as compañeiras, usando o vocabulario axeitado.
	BLOQUE 2.- EXPRESIÓN PLÁSTICA
Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores.	Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posteriori obras
	Emprega os diferentes tipos de liña e experimenta con elas para completar debuxos.
Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social.	Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc.).
	Produce e identifica obras sinxelas usando formas xeométricas básicas.
Respectar e coidar os materiais, os utensilios e os espazos	Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual
	Respecta as normas preestablecidas e coida os materiais, os utensilios e os espazos.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Valoración inicial da situación do alumnado ao inicio do confinamento. Valoración do traballo de expresión plástica realizado polo alumnado, en base aos estándares imprescindibles do 1º e 2º trimestre. Valoración da información aportada polos mestres especialistas. Valoración de circunstancias familiares temporais provocadas polo confinamento que poden incidir na evolución do alumnado, como a limitación en canto a materiais de traballo. No caso de alumnado con ACI estableceranse mecanismos de seguimento e acompañamento en función das características do alumno, con implicación total do Departamento de Orientación. O seguimento estará dirixido a reforzar os estándares previstos nos documentos individuais dos trimestres referidos. Teremos en conta que, por diferentes motivos, non sempre é posible recibir constancia do traballo e avances realizados polos alumnos en época de confinamento. Pero sí deberemos estar cerca das familias e acompañalas.</p> <p>Instrumentos: Análise de rexistros e anotacións do alumnado no 1º e 2º trimestre sobre aspectos plásticos. Observación e análise da calidade das producións plásticas ou debuxos solicitadas pola titoría ás familias. Observación e análise da calidade das tarefas integradas que inclúen debuxo enviadas polas familias a titoría. Análise da información aportada polos mestres especialistas do equipo do nivel, polas canles establecidas. Análise da información aportada polas familias, por calquera das canles de comunicación establecidas, sobre determinados aspectos do proceso de aprendizaxe verificables no traballo recibido pola titora. Achegas audiovisuais aportadas polas familias, sempre dende soportes aos que teñan acceso a absoluta totalidade das mesmas (vídeo, foto, audio..).</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Manterase o nivel de cualificacións do 2º trimestre, con posible alza da nota nun punto cando as achegas dos debuxos manifesten unha clara evolución e traballo do alumnado.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de	Criterios de avaliación:

materia pendente	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Creacións plásticas básicas en función dos materiais e dispoñibilidade das familias, creadas tanto para conmemoracións ou temáticas do centro (portada do espigonciño), como de libre realización.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Suxestións de actividades, basicamente debuxo, dende a titoría polas seguintes canles: Alicacións de mensaxería Comunicación telefónica. Abalar Correo electrónico
Materiais e recursos	

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Aplicación Abalar e calquer outro medio establecido pola titoría e as familias.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

